

COMPRESIÓN GALEGO 2




Corrección de texto: Rebeca Fernández Facal Ilustracións: Print Artist 8

 **EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA**

CEIP GALÁN OSEIRO - ARTEIXO

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

1

A LIBELIÑA

A libeliña vivía nunha poza de Guitiriz, preto de Lugo. Estaba todo o día papando mosquitos e, o verán pasado, papara unha cría de peixe.

1.- Onde vivía a libeliña?


2.- De onde está preto Guitiriz?

3.- Que papaba todo o día a libeliña?

4.- Cando papara unha cría de peixe?

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

2

**CANTOS
CACHARROS!**

Belén daba moitas festas. Invitaba aos seus amigos e amigas. O problema era que despois da festa tiña que lavar todos os cacharros no fregadeiro.

1.- *Que daba Belén?*


2.- *A quen invitaba Belén ás súas festas?*

3.- *Cal era o problema que tiña Belén?*

4.- *Onde lavaba os cacharros?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

3

A LAVADORA

Cosme mercara unha lavadora nova do trinque. Tiña tres botóns e unha pequena pantalla dixital. Coa nova lavadora podía lavar oito quilos de roupa diarios.

1.- *Que mercou Cosme?*


2.- *Cantos botóns tiña a lavadora de Cosme?*

3.- *Como era a pequena pantalla da lavadora?*

4.- *Cantos quilos podía lavar Cosme diariamente?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

4

UNHA LATA DE SARDIÑAS

Cando o xoves Alexandra abriu a lata de sardiñas levou un gran susto. A lata tiña nove sardiñas e... estaban vivas! Así que as colleu e as levou de volta ao mar.

1.- *Cando abriu a lata de sardiñas Alexandra?*


2.- *Cantas sardiñas había na lata?*

3.- *Como estaban as nove sardiñas?*

4.- *Que fixo Alexandra coas sardiñas?*

Nome: _____

Data: _____



COMPRESIÓN
GALEGO 2

5

O LAPIS DE ANSELMO

Anselmo era profesor do colexio. A finais de curso regaláronlle un lapis enorme, pero como non lle regaláron un afía xigante... non podía escribir con el.

1.- *Que profesión tiña Anselmo?*

2.- *Que lle regaláron a finais de curso?*

3.- *Que foi o que non lle regaláron?*

4.- *Por que non podía escribir co lapis enorme?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

6

O LANZADOR DE PESO

Que forza tiña aquel rapaz de Paiosaco! Podía guindar unha bóla a máis de vinte e sete metros. Un día, de tanta forza que fixo, lanzou a bóla fóra do estadio.

1.- *De onde era o rapaz?*

2.- *Que cousa podía guindar?*

3.- *A que distancia podía guindar unha bóla?*

4.- *Que lle pasou un día que lanzou a bóla moi forte?*

Nome: _____

Data: _____



COMPRESIÓN
GALEGO 2

7

**ROQUE GAÑA
UN TROFEO**

O meu veciño Roque é un gran deportista. Xoga aos birlos cos demais veciños do barrio. Hai cousa de catro anos gañou un trofeo de ouro.

1.- *Que é o meu veciño Roque?*

2.- *Que deporte practica?*

3.- *Con quen xoga?*

4.- *Cando gañou un trofeo de ouro?*

Nome: _____

Data: _____



COMPRESIÓN
GALEGO 2

8

O CAZADOR...
CAZADO

Hugo quería ir cazar elefantes a África. O problema que tivo é que outros cazadores confundírono cun hipopótamo e chantáronlle unha lanza no cu.

1.- *Que quería Hugo?*


2.- *A que quería ir a África?*

3.- *Con que animal o confundiron outros cazadores?*

4.- *Onde lle chantaron a lanza a Hugo?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

9

A LAGOSTA FRIOLEIRA

A lagosta vivía en Punta Lagosteira, aló por Rañobre, en Arteixo. Sempre tiña frío así que no mes de maio... zas!, enganouse a un arroás e foise vivir ao Caribe.

1.- Onde vivía a lagosta?


2.- Onde está Punta Lagosteira?

3.- En que mes decidiu marchar?

4.- A quen se enganhou para ir ao Caribe?

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

10

DE QUEN É
O GORRO?

O venres na clase apareceu un gorro no chan. Tiña un pompón de cor vermella. Ninguén sabía de quen era, así que a profesora de Inglés, regaloullo a Laura.

1.- *Que apareceu no chan da clase?*

2.- *Que día apareceu o gorro na clase?*

3.- *De que cor era o pompón?*

4.- *A quen llo regalou a profesora de Inglés?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

11

**XA CHEGOU O
SAMAÍN!**

Xa estamos en novembro. Imos celebrar o Samaín. A miña nai mercoume unha cabaza laranxa de catro quilos e o meu pai tallouma. Quedou ben bonitiña!

1.- *En que mes celebramos o Samaín?*


2.- *Quen me mercou unha cabaza de cor laranxa?*

3.- *Canto pesaba a cabaza?*

4.- *Como quedou a cabaza despois de tallala?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

12

A LAGARTA TRISTEIRA

A lagarta Eloísa non daba levantado cabeza. Sempre tiña frío e, ás veces, dor na lingua. As súas compañeiras dicían que era por comer tantas moscas e insectos.

1.- *Como se chamaba a lagarta?*


2.- *Que lle pasaba á lagarta Eloísa?*

3.- *Que lle doía ás veces?*

4.- *De que se alimentaba Eloísa?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

13

VAIA LÍO!

A Samuel, os seus curmáns, regaláronlle un crebacabezas de oitenta e catro pezas. Leva un mes traballando e non é quen de montalo. Toleou de vez!

1.- *Que lle regalaron a Samuel?*


2.- *Quen lle regalou un crebacabezas a Samuel?*

3.- *Cantas pezas ten o crebacabezas?*

4.- *Canto leva intentando montar o crebacabezas?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

14

GUAU, GUAU,
GUAU!

Trosqui, o can do veciño, é moi rebuldeiro. Gústalle moito xogar... e ladrar. Polas noites pode pasar horas e horas ladrando e así non hai quen pegue ollo.

1.- *Como se chama o can do veciño?*


2.- *Como é Trosqui?*

3.- *Que dúas cousas lle gusta facer a Trosqui?*

4.- *Canto tempo pode pasar ladrando polas noites?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

15

COMO CANTA O
GALO!

Outro que non aparta dos coches! Os galos cacarexan ao amencer, pero Calín, o meu galo, cacarexa só polas noites, así que o vou levar ao veterinario.

1.- *Cando cacarexan os galos?*


2.- *Quen é Calín?*

3.- *Cando cacarexa o meu galo?*

4.- *Que vou facer con Calín?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

16

AI, QUE RISA,
TÍA FELISA!

Onte fun, coa miña tía Felisa, ao circo «Universal». Había dous pallasos que moito me fixeron rir. A un caéronlle as bólas na cabeza do outro. Ai, que risa!

1.- Cando fun ao circo?


2.- Con quen fun?

3.- Como se chamaba o circo?

4.- Que lle pasou a un dos pallasos?

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

17

A EGUA ENFURRUÑADA

A miña curmá Marisa mercou unha égoa. A verdade é que o animal ten moi mal xenio. Sempre está enfurruñada, sobre todo cando lle tocan as crinas.

1.- *Quen mercou unha egua?*


2.- *Como se chama a miña curmá?*

3.- *Como está sempre?*

4.- *Cando se molesta sobre todo?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

18

O MOUCHO VIAXEIRO

Aquel moucho só saía pola noite. Vivía no castelo de Vimianzo e alimentábase de ratos e lagartos. Unha noite, hai xa catro anos, cazara unha ducia de ratos.

1.- Cando saía o moucho?

2.- Onde vivía?

3.- De que se alimentaba?

4.- Cantos ratos cazou hai catro anos?

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

19

A BRUXA E O RATO LILIÑO

Liliño era un rato moi preguiceiro. Non pegaba golpe. Só quería comer o queixo que lle daba a bruxa. Pasaba o día durmindo e cantando. Vaia vida!

1.- Como era o rato Liliño?


2.- Que quería comer só?

3.- Quen lle daba o queixo?

4.- Como pasaba o día?

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

20

A BALEA

A balea pesaba catrocentos quilos. Viaxaba polo mar Cantábrico buscando comida e comía moito, tanto comía que nunha semana engordou noventa quilos.

1.- *Canto pesaba a balea?*


2.- *Por onde viaxaba?*

3.- *Que andaba buscando polo mar Cantábrico?*

4.- *Canto engordou durante unha semana?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

21

MIRA QUEN
BAILA!

No colexio fixeron un festival de baile. Presentáronse catrocentos trinta e nove participantes. Todos bailaron moi ben, pero o premio foi para Claudia, a de O Esto.

1.- *Que fixeron no colexio?*


2.- *Cantos participantes se presentaron?*

3.- *Como bailaron os participantes?*

4.- *De onde era Claudia, a gañadora?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

22

A XOANIÑA

A xoaniña é un insecto, que como todos os insectos ten seis patas e dúas antenas. Esta ademais ten dúas ás protexidas por un par de ás máis duras.

1.- *Que é a xoaniña?*

2.- *Cantas patas ten a xoaniña?*

3.- *E cantas antenas?*

4.- *Por que están protexidas as dúas ás?*

Nome: _____

Data: _____



COMPRENSIÓN
GALEGO 2

23

O CONCERTO DE TOMÁS

Tomás, o meu tío máis novo, mercou unha trompeta de moito nabizo. Con esta trompeta vai tocando polas vilas e, ás veces, chega a gañar cincocentos euros.

1.- *Quen é Tomás?*

2.- *Que mercou?*

3.- *Como é a trompeta?*

4.- *Canto chega a gañar tocando a trompeta?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

24

XA CHEGOU O
INVERNO

Xa estamos no inverno. O boneco de neve que fixo Héctor quedoulle moi feitiño. Frío pasou de abondo e agora quedou na cama cunha forte catarreira.

1.- *En que época do ano estamos?*


2.- *Quen fixo o boneco de neve?*

3.- *Como lle quedou o boneco?*

4.- *Por que quedou na cama Héctor?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

25

TÍA LUÍSA

A tía Luísa erguíase cos galos, a iso das seis da mañá. Como durmía pouco sempre andaba de mal xenio, así que tiña o costume de bater á xente co paraugas.

1.- *Con quen se erguía a tía Luísa?*


2.- *A que hora se erguía?*

3.- *Como andaba sempre?*

4.- *Que costume tiña a tía Luísa?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

26

O PORCO

O porco Carrincho era limpo coma a prata. Bañábase catro veces ao día e cepillaba os dentes con pasta dentífrica Blanquident, con sabor a amorodo.

1.- *Como se chamaba o porco?*


2.- *Como era Carrincho?*

3.- *Cantas veces se bañaba diariamente?*

4.- *Que pasta dentífrica usaba?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

27

A RULETA

Lisardo traballaba no Casino da Toxa. Na ruleta botaba as bólas moi amodo e os xogadores estaban moi contentos con el porque sempre lles daba premios.

1.- Onde traballaba Lisardo?


2.- Como botaba Lisardo as bólas na ruleta?

3.- Como estaban os xogadores?

4.- Por que estaban moi contentos os xogadores?

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

28

A CASIÑA DOS PAXAROS

Tareixa era carpinteira. Era unha auténtica pataca sen sal. Non falaba nin cos seus veciños. Pasaba os días facendo casiñas para os paxariños da súa aldea.

1.- *Que oficio tiña Tareixa?*

2.- *Como era Tareixa?*

3.- *Como pasaba os días?*

4.- *Para quen eran as casas?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

29

A CARTA

Xa chegou a carta de Suíza. Tróuxoa Abel, o carteiro, que é alto como un salgueiro. A carta era do meu tío Armando e nela dicía que ía vir no verán.

1.- De onde viña a carta?


2.- Como é Abel, o carteiro?

3.- De quen era a carta?

4.- Que dicía o meu tío Armando na carta?

Nome:

Data:



COMPRESIÓN
GALEGO 2

30

A EMPANADA

A avoa de Lorena é unha gran cociñeira. Está máis xorda que unha tapia. Fai unhas empanadas de xoubas moi saborosas e con elas convida a toda a familia.

1.- *Quen é unha gran cociñeira?*

2.- *Como está a avoa de Lorena?*

3.- *De que son as empanadas?*

4.- *A quen convida a avoa de Lorena?*